

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN PARA O RECOÑECIMENTO DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

COMPARECEN

Dunha parte, Zeltia Lado Lago, directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego en virtude do disposto no Decreto 164/2020, do 24 de setembro, e na disposición adicional primeira do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Actúa en virtude da delegación conferida no artigo 3.2 da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 9 de setembro de 2021, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta conselleira, cuxa vixencia ven establecida na disposición adicional segunda do Decreto 49/2024. Exerce as atribucións das que está investido o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e punto segundo do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, Diego Vázquez Reino, con DNI 79319033Z, como presidente da Fundación Laboral de la Construcción de Galicia (en diante Fundación), NIF G-80468416, e enderezo social na Rúa de Pontepedriña de Arriba, 13. 15705 Santiago de Compostela - A Coruña, que, en virtude do nomeamento como presidente do Consello Territorial de Galicia de la Fundación Laboral de la Construcción, na reunión del Consello Territorial de Galicia el día 28 de novembro de 2019 (acta Nº 201), ostenta a representación da Fundación.

As partes que interveñen actúan en virtude dos seus respectivos cargos e recoñécense plena capacidade para subscribir o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia, entre as competencias que en materia laboral lle corresponden conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, asume, en aplicación do Decreto 69/1993 do 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación ocupacional e formación profesional para o emprego.

Segundo. O artigo 29.1 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración atribúe á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego as competencias relativas á formación profesional para o emprego en toda a súa extensión, incluídos os graos A, B e C da Lei orgánica 3/2022, do 1



de marzo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e en coordinación con ela.

Terceiro. A Fundación é un organismo paritario que persegue un fin de interese público vinculado ao Convenio Xeral do Sector da Construción. É unha entidade sen ánimo de lucro constituída polas entidades máis representativas do sector: Confederación Nacional de la Construcción (CNC), CCOO del Hábitat e a Federación de Industria, Construcción e Agro de UGT (UGT FICA). A súa finalidade primordial é crear un marco de relacións laborais estables e xustas e prestar servizos aos traballadores e empresas.

Tal e como consta no artigo 3 dos seus estatutos, os principais obxectivos da Fundación son o fomento da formación profesional, a investigación, o desenvolvemento e a promoción de actuacións tendentes á mellora da saúde laboral e á seguridade no traballo, así como a promoción de actuacións dirixidas á mellora do emprego.

Cuarto. As convocatorias de formación formal subvencionada xestionadas pola Dirección Xeral están configuradas por accións formativas constituídas polo contido específico da especialidade formativa que se vai impartir e polos módulos formativos transversais que en cada norma, contrato, acordo ou convenio se determinen.

Asociado a aquelas ofertas formativas en que así se estableza, será obrigatoria a impartición do módulo transversal de Prevención de riscos laborais naquelas especialidades relacionadas no anexo deste convenio.

Quinto. A superación da formación impartida no módulo transversal de Prevención de riscos laborais garantirá ao alumnado o nivel de coñecementos necesarios para desempeñar as funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais, de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro (RSP).

Naqueles sectores ou actividades en que o seu respectivo convenio colectivo regule a formación en prevención de riscos laborais de nivel básico, esta deberá impartirse de acordo co indicado nel.

Sexto. Mediante Resolución do 6 de setembro de 2023 da Dirección General de Trabajo do Ministerio de Trabajo y Economía Social, publicada no BOE do 23 de setembro, procedeuse ao rexistro e publicación do VII Convenio colectivo xeral do sector da construción (en diante Convenio colectivo).

De acordo co disposto no artigo 139 do Convenio colectivo, as accións e actuacións a realizar en relación cos contidos da formación en materia de prevención de riscos laborais no sector da construción e, en concreto, coa Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, teñen que ser análogas, homoxéneas e coordinadas en todo o territorio nacional.

En aplicación do establecido no citado artigo 139, corresponde á Fundación ser o fío condutor dos principios e directrices a desenvolver nos programas formativos e contidos específicos de carácter sectorial e para os traballos de cada especialidade, a fin de que de forma equivalente



se establezan os mesmos niveis de aplicación e cumprimento en cada un dos Consellos Territoriais.

No seu artigo 145, o Convenio colectivo establece os criterios a cumprir no desenvolvemento e impartición da acción formativa, tanto no relativo a contidos formativos, como horas lectivas ou modalidade de impartición, para que ao alumnado, previa superación dunha proba de avaliación, se lle recoñeza a aptitude para desempeñar as funcións de nivel básico de prevención na construción.

Sétimo. O punto 1 do artigo 154 do Convenio colectivo define a Tarxeta Profesional da Construción (TPC), como o documento expedido pola Fundación que constitúe unha forma de acreditar, entre outros datos, a formación específica do sector recibida por unha persoa en materia de prevención de riscos laborais, así como a súa categoría profesional e os períodos de ocupación nas distintas empresas nas que vaia exercendo a súa actividade.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio de colaboración ten como obxecto o recoñecemento no sector da construción e para os efectos da obtención da TPC, da formación que en materia de prevención de riscos se imparta nas accións formativas xestionadas pola Dirección Xeral, sexa esta realizada a través dos centros propios da Consellería ou mediante entidades colaboradoras homologadas para impartir esta formación.

A estes efectos, a impartición do módulo transversal de Prevención de riscos laborais, naquelas especialidades relacionadas no anexo deste convenio de colaboración, adecuarase aos criterios establecidos no VII Convenio colectivo xeral do sector da construción.

Segunda. Natureza e réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación.

Rexerase polas súas propias cláusulas e, para o non previsto nelas, polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, dobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, na Lei1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e demais normativa de aplicación.

De conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do convenio resolveranse na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.



Terceira. Ámbito

Este convenio será de aplicación no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta. Contido económico

A sinatura do convenio non supón gasto para ningunha das partes asinantes.

Quinta. Actuacións

A colaboración que inspira o presente convenio farase efectiva mediante o desenvolvemento das seguintes actuacións a realizar por cada unha das partes asinantes:

A Consellería comprométese a:

1. Incluír expresamente nas accións formativas en que así se determine, a obriga de impartir un módulo transversal de prevención de riscos laborais de 60 horas de duración. A superación do módulo por parte do alumnado requirirá a asistencia á totalidade das sesións presenciais e a superación dunha proba final de aptitude.
2. Non será obrigatorio impartir o módulo transversal de prevención de riscos laborais, naquelas accións formativas dos graos B e C do Sistema de Formación Profesional que inclúan módulos profesionais cuxa superación garanta o nivel básico de coñecementos para o desempeño das funcións de prevención de riscos laborais de nivel básico.

Garantir que a superación da formación impartida no módulo de Prevención de riscos laborais acredita que o alumnado posúe o nivel de coñecementos necesarios para desempeñar as funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais, de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro (RSP). Esta formación a impartir por persoal cualificado, incluirá os contidos mínimos do programa de formación establecido no anexo IV do RSP e atenderá ao disposto no VII Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción.

3. Expedir de oficio ao alumnado que supere unha acción formativa, un diploma acreditativo da formación recibida no que se reflecta, de ser o caso, a superación do módulo transversal de prevención de riscos laborais.
4. Expedir ao alumnado que así o solicite un certificado acreditativo da formación recibida e superada en materia de prevención de riscos laborais.

A Fundación comprométese a:

Recoñecer, para os efectos do disposto no VII Convenio Xeral do Sector da Construción respecto á formación de nivel básico en materia de prevención de riscos na construción, a formación que en materia de prevención de riscos laborais se imparta nas accións formativas ofertadas pola Dirección Xeral e desenvolvidas de acordo co requisitos establecidos no Convenio colectivo.

Este recoñecemento abranguerá todas as accións formativas financiadas pola Consellería, sexan estas impartidas por centros propios ou por centros homologados pola Consellería, ou mediante acordos ou convenios de colaboración.



Tanto o diploma como o certificado acreditativo relacionados nos compromisos asumidos pola Consellería serán considerados conformes para a súa presentación no Consello Territorial de Galicia da Fundación para os efectos da expedición da TPC.

Sexta. Formación impartida con anterioridade á firma do convenio

A formación impartida con anterioridade á sinatura do presente convenio manterá a súa validez, nos termos do disposto no anterior convenio de colaboración do 1 de setembro de 2014, para os efectos do recoñecemento da formación de nivel básico en materia de prevención de riscos laborais na construción e para a expedición do TPC.

Sétima. Actualización do anexo de especialidades

A actualización do anexo de especialidades formativas poderá realizarse en calquera momento e de mutuo acordo en virtude da aparición ou supresión de especialidades formativas, ou como consecuencia das modificacións que se produzan nos contidos ou requisitos das existentes.

A actualización realizarase mediante unha addenda ao convenio.

Oitava. Difusión do convenio

Na difusión de todas as actuacións que se poñan en marcha para o desempeño do presente convenio (publicidade, comunicación, información, folletos, etc) figurará, de forma expresa, o logotipo da Xunta de Galicia con indicación da denominación da Consellería.

Novena. Comisión mixta de seguimento

Constitúese unha Comisión mixta para o seguimento do presente convenio integrada por:

- En representación da Administración, dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral designadas pola persoa titular do centro directivo.
- En representación da Fundación, a persoa titular da presidencia da Fundación en Galicia, ou a persoa na que delegue, e unha persoa técnica designada polo titular da presidencia da Fundación.

Esta comisión exercerá principalmente as seguintes funcións:

- Elaboración de propostas de plans de traballo e accións conxuntas a realizar.
- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento do convenio.

Décima. Vixencia

A vixencia do convenio será por un período de catro anos.

En calquera momento antes do remate do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Décimo primeira. Extinción

Serán causas de extinción ou resolución do convenio as seguintes:



- Transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- Acordo unánime de todas as partes asinantes.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- Causa de forza maior debidamente acreditada ou por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- Denuncia dalgunha das partes, formulada de forma fidedigna con, cando menos, seis meses de antelación.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que for a súa causa, as actuacións que no momento da extinción ou resolución se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento en base a disposto neste acordo e ata a súa finalización.

Décimo segunda. Publicidade e inscrición en rexistros

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Protección de datos persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En vista de todo o anterior, e en proba de conformidade, as partes subscriben o presente convenio que se estende por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora xeral de Formación e
Cualificación para o Emprego

O presidente da Fundación Laboral da
Construción de Galicia

Zeltia Lado Lago

Diego Vázquez Reino



ANEXO DE ESPECIALIDADES

Familia : edificación e obra civil

Código da especialidade	Denominación
EOCB0108	Fábricas de albanelaría
EOCB0109	Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción
EOCB0110	Pintura decorativa en construción
EOCB0111	Cubertas inclinadas
EOCB0208	Operacións auxiliares de albanelaría de fábricas e cubertas
EOCB0209	Operacións auxiliares de acabamentos ríxidos e urbanización
EOCB0210	Revestimentos con pastas e argamasas en construción
EOCB0211	Pavimentos e albanelaría de urbanización
EOCB0310	Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción
EOCB0311	Pintura industrial en construción
EOCE0109	Levantamentos e implantacións
EOCE0111	Armaduras pasivas para formigón
EOCE0211	Encofrados
EOCH0108	Operacións de formigón
EOCJ0109	Montaxe de estadas tubulares
EOCJ0110	Instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos
EOCJ0111	Impermeabilización mediante membranas formadas con láminas
EOCJ0211	Instalación de sistemas técnicos de pavimentos, empanelados e biombos
EOCJ0311	Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos en construción
EOCO0108	Representación de proxectos de edificación
EOCO0109	Control de proxectos e obras de construción
EOCO0112	Control de execución de obras de edificación
EOCO0208	Representación de proxectos de obra civil
EOCO0212	Control de execución de obras civís

Familia: electricidade e electrónica

Código da especialidade	Denominación
ELEE0108	Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas
ELEE0109	Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión
ELEE0109	Desenvolvemento de proxectos de instalacións eléctricas na contorna de edificios e con fins especiais.
ELEE0209	Montaxe e mantemento de redes eléctricas de alta tensión de segunda e terceira categoría e centros de transformación
ELEE0210	Desenvolvemento de proxectos de redes eléctricas de baixa e alta tensión.
ELEE0310	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de instalacións eléctricas no ámbito de edificios
ELEE0510	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas subterráneas de alta tensión de 2ª e 3ª categoría e centros de transformación de interior.



Código da especialidade	Denominación
ELEE0610	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas de baixa tensión e alumado exterior
ELEM0110	Desenvolvemento de proxectos de sistemas de automatización industrial
ELEM0111	Montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos
ELEM0210	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial
ELEM0211	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos
ELEM0311	Montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial
ELEQ0111	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de equipos eléctricos e electrónicos
ELES0208	Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios
ELES0210	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos na contorna de edificios

Familia: enerxía e auga

Código da especialidade	Denominación
ENAA0109	Organización e control da montaxe e mantemento de redes e instalacións de auga e saneamento
ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas
ENAE0111	Operacións básicas na montaxe e mantemento de instalacións de enerxías renovables.
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas
ENAE0408	Xestión da montaxe e mantemento de parques eólicos
ENAE0508	Organización e proxectos de instalacións solares fotovoltaicas
ENAS0110	Montaxe, posta en servizo, mantemento, inspección e revisión de instalacións receptoras e aparellos de gas
ENAT0108	Montaxe e mantemento de redes de auga

Familia: fabricación mecánica

Código da especialidade	Denominación
FMEC0108	Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial
FMEC0119	Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible
FMEC0219	Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo TIG
FMEC0319	Soldadura por arco con electrodo revestido
FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica
FMEE0208	Montaxe e posta en marcha de bens de equipo e maquinaria industrial

Familia: industrias extractivas

Código da especialidade	Denominación
IEXD0108	Elaboración de pedra natural



Código da especialidade	Denominación
IEXD0109	Deseño e coordinación de proxectos en pedra natural
IEXD0208	Extracción da pedra natural
IEXD0209	Obras de artesanía e restauración en pedra natural
IEXD0309	Desenvolvemento e supervisión de obras de restauración en pedra natural
IEXD0409	Colocación de pedra natural
IEXM0109	Operacións auxiliares en escavacións subterráneas e a ceo aberto

Familia: instalacións e mantemento

Código da especialidade	Denominación
IMAI0108	Operacións de fontanaría e calefacción-climatización doméstica
IMAI0110	Instalación e mantemento de sistemas de illamento térmico, acústico e protección pasiva contra o lume
IMAI0210	Xestión e supervisión da montaxe e o mantemento de sistemas de illamento térmico, acústico e contra o lume
IMAQ0108	Mantemento e montaxe mecánica de equipo industrial
IMAQ0110	Instalación e mantemento de ascensores e outros equipos fixos de elevación e transporte
IMAQ0208	Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de maquinaria, equipo industrial e liñas automatizadas de produción
IMAQ0210	Desenvolvemento de proxectos de instalacións de manutención, elevación e transporte
IMAR0108	Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas
IMAR0208	Montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción
IMAR0209	Desenvolvemento de proxectos de instalacións frigoríficas
IMAR0308	Desenvolvemento de proxectos de redes e sistemas de distribución de fluídos
IMAR0309	Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións frigoríficas
IMAR0408	Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas
IMAR0508	Desenvolvemento de proxectos de instalacións caloríficas
IMAR0509	Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións caloríficas

Familia: madeira, moble e cortiza

Código da especialidade	Denominación
MAMD0209	Traballos de carpintaría e moble
MAMR0108	Montaxe de mobles e elementos de carpintaría
MAMR0408	Instalación de mobles
MAMS0108	Instalación de elementos de carpintaría

